


D I C T A M E

Dictame
3/03

sobre o anteproxecto de
**LEI DE CÁMARAS OFICIAIS
DE COMERCIO, INDUSTRIA E
NAVEGACIÓN DE GALICIA**



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este dictame pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 2 de abril tivo entrada no Consello Económico e Social oficio da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame.

3.- Con data 7 de abril, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº 1 para o luns 14 de abril, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 06/03, de 28 de abril, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 3/03, de 15 de maio, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

A Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia pretende, por unha parte, completa-lo soporte xurídico estable, e por outra, servir de soporte e estas Institucións para afronta-los novos retos que se impoñen, tanto dende un punto de vista social como económico, como das novas tendencias da Ciencia da Administración.

O anteproxecto de Lei estrutúrase en sete capítulos, dúas Disposicións Adicionais, catro Disposicións Transitorias, dúas Disposicións Derrogatorias e unha Disposición Final:

No Capítulo I: "Disposicións Xerais", expónse o obxecto da Lei, así como a natureza, finalidades e funcións das Cámaras, manténdose o carácter tradicional das Corporacións de dereito público das Cámaras, poñéndose de manifesto o carácter de entidades colaboradoras coa Administración.

No Capítulo II: "Ámbito Territorial" prevese a posibilidade de disolución, creación, fusión ou integración de Cámaras e modificación da súa demarcación central, buscando unha tendencia de unificación de recursos e mantemento da representación destas Corporacións en todo o territorio.

O Capítulo III: "Organización", está dividido en seis seccións. Nas catro primeiras regúlanse os órganos de goberno das Cámaras, sendo estes o Pleno, o Comité Executivo e o Presidente, estando integrado o Comité Executivo polo Presidente da Corporación, Vicepresidentes, o Tesoureiro e un número de vocais non inferior a tres nin superior a seis. Na sección quinta establécense os criterios xerais polos que se debe de rexe-lo persoal das Cámaras, dentro deste ámbito é importante destaca-la figura do Secretario Xeral, encargado de velar pola legalidade dos acordos dos órganos de goberno. Na sección sexta dedicada ó Regulamento de Réxime Interior, establécense os criterios mínimos ós que se deben adapta-los mesmos.

O Capítulo IV: "Réxime Electoral", respecta a tradición electoral destas Corporacións mantendo o sistema de elección por medio de grupos e categorías.

O Capítulo V: "Régime Económico e Orzamentario", recolle as vías de ingresos e as obrigas de elaboración e liquidación de orzamentos, así como o sistema contable e os mecanismos de control financeiro destas Corporacións, afondando no principio de autofinanciamento parcial e no sistema de fiscalización pública dos orzamentos.

No Capítulo VI : "Consello Galego de Cámaras", crease e regúlase este organismo, configurándoo como unha Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sendo o órgano de coordinación e impulso de actuacións comúns das Cámaras, obtendo deste modo unha mellor asignación dos recursos dispoñibles, sen prexuízo do seu carácter de órgano de colaboración coa Administración.

No Capítulo VII: "Régime Xurídico" sométese a contratación e o réxime patrimonial ó Dereito privado, debendo respectarse os principios de publicidade, concurrencia e obxectividade. Por outra parte, ante a eventualidade dunha posible inactividade da Administración Pública nas súas funcións de tutela, establécese o silencio administrativo como positivo para os supostos de que non se resolvese expresamente.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a inclusión no Anteproxecto de Lei de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia da posibilidade de variar o número actual de Cámaras e acomodalo á actual realidade empresarial, a posibilidade do voto por correo así como que as Cámaras poidan conceder subvencións e efectuar doazóns que están directamente relacionados cos seus fins, e que poidan establecer convenios con outras entidades públicas e privadas.

2.- O CES reitera a súa consideración sobre o feito de que os anteproxectos de lei sometidos ó seu dictame deben acompañarse da memoria xustificativa correspondente.

3.- O CES considera que na redacción do articulado do Anteproxecto de Lei sometido a dictame apréciase unha reiterada confusión entre o carácter de entidade colaboradora das Administracións Públicas en xeral e da Administración da Comunidade Autónoma e da Xunta de Galicia en particular. O CES entende que a redacción debe reconducirse a ***“entidade colaboradora das Administracións Públicas en xeral”***, de acordo coa Lei 3/1993, de 22 de marzo, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación. (Cfr. Art. 49 e 50 e) do Anteproxecto de Lei).

4.- O CES considera que se aprecia unha extralimitación en canto ós límites fixados na Lei 3/93, tendo en conta que a tutela, tal como a configura dita norma, determina unhas facultades de control da legalidade e nunca da oportunidade, de maneira que as facultades que respecto á Cámara de Comercio pode asumilo órgano tutelante se refíren única e exclusivamente a garantir a conformidade das decisións ou proxectos de decisión coa legalidade vixente, de forma que o control que exerce o órgano tutelante será un control regrado e, polo tanto, vinculado á norma xurídica.

5.- O CES entende necesario salvagarda-lo principio de complementariedade establecido no texto do preámbulo do Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

No preámbulo do Anteproxecto de Lei sinálase con respecto á creación do Consello de Cámaras que : “ (...) *Unha maior aproximación a tódalas empresas de cada demarcación, adecuando os instrumentos que posúen as Cámaras á esencia dos servicios a prestar e a busca dun marco de colaboración coas asociacións empresariais que permitan que as súas actuacións se complementen, son igualmente obxectivos que se marcan coa creación de dita corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins*”.

Así mesmo, no artigo 3 sinálase que as Cámaras realizarán a súa finalidade “*sen prexuízo da liberdade sindical e de asociación empresarial e das actuacións noutras organizacións sociais que legalmente se constitúan*”.

O CES entende que dita complementariedade debe lograrse por dúas vías: eliminando a duplicidade das actuacións e permitindo unha maior colaboración entre as Cámaras e as asociacións empresariais.

Esta consideración xeral está recollida de forma concreta nas consideracións particulares ós artigos 4 e 50 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

6.- Sen prexuízo das competencias atribuídas ás Cámaras e con respecto ó principio de complementariedade coas actuacións das organizacións empresariais máis representativas no ámbito autonómico territorial e intersectorial, o CES entende que debe incorporarse dito principio no articulado, concretamente nos preceptos que regulan as funcións tanto das Cámaras como do propio Consello de Cámaras.

Esto implica que o Consello de Cámaras debe actuar como un mero coordinador das actuacións de cada Cámara, polo tanto, só debe promover novas actuacións naquelas áreas que non están xa cubertas pola actuación de outras entidades e limitada sempre ós intereses do comercio, a industria e, no seu caso, a navegación.

O CES entende que se debe ter en conta que a eliminación das duplicidades e o mantemento do principio de complementariedade non é unha cuestión banal para os propios empresarios membros da Cámara, pois, tal como se sinala no artigo 39, “*No marco da lexislación básica, as leis de orzamentos da Comunidade Autónoma poderán elevar as alícuotas do recurso cameral permanente xirando sobre as cotas do Imposto de Actividades Económicas ou calquera outro que o*

substitúa por encima do tipo xeral, así como afectar dito incremento, total ou parcialmente, á realización de funcións de carácter público-administrativo das Cámaras ou ó financiamento complementario do Consello Galego de Cámaras”.

O CES considera que, en todo caso, esta posibilidade debe operar con carácter excepcional, pois non debera operativizarse se existe unha axeitada fixación das funcións do Consello e das propias Cámaras.

Esta consideración xeral está recollida de forma concreta nas consideracións particulares ós apartados i) j) e o) do artigo 50 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

7.- O CES considera necesaria a integración da organización empresarial máis representativa de ámbito autonómico nos órganos do Consello Galego de Cámaras, de acordo coa redacción do apartado 1 bis do artigo 19 da Lei de 3/1993, de 22 de marzo, Básica de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, segundo redacción da Disposición Adicional vixésimo sétima da Lei 53/2002, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social.

Esta consideración xeral está recollida de forma concreta nas consideracións particulares ó artigo 52 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O **artigo 4** do Anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia regula as funcións que lle corresponden ás Cámaras.

Unha das vías de salvagarda do principio de complementariedade é a través da eliminación da duplicidade de actuacións, evitando que as Cámaras realicen funcións que xa están realizando as asociacións empresariais como entidades colaboradoras da Administración (formación non regrada, orientación e colaboración no marco do Servicio Publico de Emprego, representación institucional en órganos de consulta e participación...)

En aras dunha maior complementariedade, o CES considera que no **apartado 2** do **artigo 4** debería engadirse o seguinte texto:

*“Así mesmo, corresponde ás Cámaras o exercicio das funcións público-administrativas que se enumeran a continuación, **sen prexuízo das actuacións de outras organizacións empresariais legalmente constituídas (...)**”*

O **apartado 2 c)** do **artigo 4** do Anteproxecto sometido a dictame establécese que lle corresponderá ás Cámaras a función de difundir e impartir formación regrada e non regrada referente á empresa.

O CES entende que ás Cámaras de Comercio, Industria e Navegación non deben impartir formación, e en especial a regrada.

Os **apartados d), e), f), g) e h)** do **punto 2** do **artigo 4** determinan algunhas das funcións que lle corresponden ás Cámaras no exercicio das funcións público-administrativas.

O CES considera que as funcións establecidas nos citados apartados entran en competencia funcional, ou ó menos, quedan confusas as funcións da Administración ou das Asociacións Patronais.

No **apartado 3** do **artigo 4**, o CES entende necesario engadi-lo seguinte texto:

*“As Cámaras poderán (...) e asesoramento empresarial **para os seus electores e sen prexuízo das actuacións de outras organizacións empresariais legalmente constituídas**”.*

O CES entende que se debería de potencia-la colaboración entre as Cámaras e as asociacións empresariais, para o que considera necesario elimina-la redución que se fai no **apartado 4 do artigo 4**, da posibilidade de conveniar só entre as propias Cámaras, restricción que, por outra banda, entra en contradicción coas atribucións ó Pleno establecidas no artigo 15.1 d) do Anteproxecto ou coa mención establecida para o Consello Galego de Cámaras no artigo 50 i).

2.- O artigo 8 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame relata os requisitos e supostos de creación, fusión e integración de Cámaras.

O Anteproxecto de Lei parte da idea de que a creación dunha Cámara só pode se-lo resultado dunha fusión –de dúas ou máis Cámaras de ámbito infraprovincial– ou da integración –dunha ou máis Cámaras de ámbito infraprovincial– nunha xa existente. Pero teoricamente cabería cuestionarse o suposto de creación *ex novo* dunha Cámara sobre a base de altera-la demarcación dalgunha –ou algunhas– das existentes, sempre que as circunstancias económicas e os intereses comerciais, industriais e navieiros o xustifiquen e sempre que concorran determinados requisitos (contar con recursos suficientes, non supoñer mingúa dos servizos prestados polas Cámaras afectadas, solicitude dun número cualificado de electores, acordo dos Plenos das Cámaras das que as súas demarcacións van verse afectadas...).

O CES entende que a fusión e integración deberían ser definidas con maior precisión. En realidade estamos ante unha figura, a fusión, que pode lograrse por dous procedementos:

- a) a fusión por creación dunha nova entidade resultante –con formal disolución das fusionadas–, e
- b) a fusión por absorción dunha ou varias por outra xa existente –con exclusiva disolución da absorbida–.

O fenómeno é análogo ó que contempla a lexislación de sociedades anónimas (art. 233 LSA) cando regula a fusión, coa particularidade de que no caso das

Cámaras esta fórmula da absorción –integración– pode ter orixe voluntario ou ben necesario (ver art. 9 do Anteproxecto).

O CES considera que a Lei de Cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Cataluña, de 5 de xullo de 2002, proporciona a este tema un tratamento que podería ser utilizado para redacta-la emenda ó texto do articulado do Anteproxecto.

3.- O artigo 18.b) do Anteproxecto de Lei sometido a dictame determina como causa de perda da condición de membro do Pleno unha resolución administrativa que anule a súa elección ou proclamación como candidato.

O CES considera que, ademais de que o sistema electoral non parece o suficientemente definido para garantir un funcionamento plenamente democrático, deben limitarse as causas da perda da condición de membro do Pleno, en virtude dunha resolución administrativa, exclusivamente ás que se refiran a unha infracción obxectiva e taxada na normativa electoral vixente.

4.- O artigo 21 do Anteproxecto de Lei de Cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia regula as atribucións do Presidente.

O CES entende que os apartados c), j) e m) deberían volver a redactarse dun xeito máis claro, xa que se considera que estes apartados poden resultar ambiguos.

5.- A letra i) do **artigo 50** atribúe ó Consello a facultade de establecer convenios con outras entidades públicas e privadas, así como plans de actuación conxunta das Cámaras galegas e das propostas de financiamento correspondentes.

O CES considera que esta facultade de conveniar do Consello de Cámaras debería limitarse ás do seu mesmo ámbito de actuación (ámbito autonómico).

A **letra j)** do **artigo 50** atribúe ó Consello de Cámaras a función de informalos proxectos de disposicións xerais emanados da Comunidade Galega, que afecten directamente ós intereses do sector do comercio, a industria ou dos servicios nos supostos e coas condicións e alcance que o ordenamento xurídico determine.

En liña coa consideración xeral quinta, o CES entende que debe eliminarse do apartado sinalado a alusión ós servicios.

Na **letra o) do artigo 50** do Anteproxecto de Lei sometido a dictame atribúese ó Consello Galego de Cámaras a función de elaborar anualmente unha memoria económica de Galicia.

Tendo en conta que o Consello Económico e Social de Galicia ten como unha das súas funcións específicas a elaboración dunha Memoria Anual sobre a situación económica e social de Galicia (art 5.3 lei 6/1995, de 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia), o CES considera innecesario conferir esta mesma función con idéntico contido “obrigatorio” a outro organismo de dereito público. Ademais, dita función tería que ser sufragada a través do recurso cameral permanente.

6.- O artigo 52 do Anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia determina a composición do Pleno do Consello Galego de Cámaras.

A Disposición Adicional vixésimo sexta da Lei 53/2002, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orden Social, engade un apartado 1bis ó artigo 19 da Lei 3/1993, de 22 de marzo, redactado do seguinte xeito: *“Los órganos de gobierno y administración (referíndose ó Pleno , Comité Ejecutivo e Presidencia do Consello Superior de Cámaras) reflejarán de manera adecuada la realidad económica española y podrán incluir entre sus miembros a representantes de la organización empresarial de ámbito nacional más representativa”*.

Tendo en conta a Disposición Adicional sinalada, e de acordo coa representación (15%) que fixa o Anteproxecto de Lei para a organización empresarial máis representativa no ámbito autonómico no Pleno en cada unha das Cámaras, o CES considera que se deberían engadir á redacción do artigo 52 o seguinte parágrafo:

“Catro vocais elixidos, na forma que regulamentariamente se determine, entre persoas de recoñecido prestixio na vida económica galega, propostos polas organizacións empresariais á vez intersectoriais e territoriais máis representativas no ámbito autonómico, e un vocal máis que o será o Presidente ou máximo

representante da organización empresarial máis representativa do ámbito autonómico, tanto territorial como intersectorial”.

Os tres vocais consultores regulados polo artigo 52 deben reconducirse á figura de vocal cooperador establecida para os Plenos das Cámaras sempre que se prevea no regulamento Interior esta figura, con voz pero sen voto.

En canto á participación das organizacións empresariais no Comité Executivo, o CES entende que debe especificarse, no texto do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, a previsión da participación, no mesmo, do Presidente ou máximo representante da organización empresarial, á vez intersectorial e territorial, máis representativa no ámbito autonómico.

En canto á participación na Presidencia, O CES entende que debe producirse a través da figura da vicepresidencia ou vicepresidencias. Unha destas debe corresponder ó Presidente da organización empresarial, á vez intersectorial e territorial, máis representativa no ámbito autonómico. Neste senso, o CES propón engadi-la seguinte redacción:

“O Regulamento de Réxime Interno debe contempla-la creación dunha ou varias Vicepresidencias do Consello, que substituirán ó Presidente como regulamentariamente se determine. Unha vicepresidencia corresponderá ó Presidente ou máximo representante da organización empresarial, á vez intersectorial e territorial, máis representativa no ámbito autonómico”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2003

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI DE CÁMARAS OFICIAIS DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a creación, a finais do século XIX, das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, ata os nosos días, estas Corporacións de Dereito Público teñen pasado por diversas etapas, derivadas tanto de factores económicos ou sociais, como políticos ou xurídicos.

Destas etapas é importante destacar como feitos xurídicos relevantes, por un lado a Lei de Bases de 1911, onde se estableceu o modelo continental de adscrición forzosa e pago obrigatorio de cotas, y por outro, a Lei 3/1993, de 2 de marzo, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, dictada ó amparo do artigo 149.1.18 da Constitución Española, onde se establece o marco xurídico para a regulación destas Corporacións, adaptando á nova configuración xurídico política do Estado que deriva do texto constitucional, as estruturas xurídicas ás que se deben somete-las Cámaras.

Nesta nova organización política do Estado, e do denominado bloque da constitucionalidade, atópase o Estatuto de Autonomía de Galicia, onde, no seu artigo 27.29, outórgase á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación.

Dentro deste enramado xurídico-político incardínase a Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia, coa que se pretende, por unha parte, completa-lo soporte xurídico estable, adaptándoo á realidade galega, e imposto, se non dunha forma positiva e preceptiva pola Lei Básica de 1993, si de forma negativa ó deixaren á lexislación das Comunidades Autónomas o desenvolvemento dos seus preceptos, e por outra, ó serviren de soporte a estas Institucións para afrontar os novos retos que se impoñen, tanto desde o punto de vista social e económico, como das novas tendencias da Ciencia da Administración, onde a Administración Pública, noutros tempos omnipresente, require, cada vez máis, de colaboracións de entidades externas que coadxuven á consecución de fins públicos, aspectos estes onde as Cámaras se manifestaron, dende a súa creación en 1886, como organizacións especialmente eficaces, pola súa dobre condición de entidades de representación de intereses económicos e de colaboradoras da Administración Pública.

Con esta Lei vense a completa-lo marco normativo das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia, remitindo en varios dos seus preceptos a normas regulamentarias que permitirán o ir axustando a vida cameral ás diversas vicisitudes nas que se atopen. Todo elo sen necesidade de modifica-la normativa de superior rango. En suma, preténdese, por unha parte, dar unha estabilidade á actuación das Cámaras e, por outra, establecer un mecanismo que evite determinadas ataduras xurídicas que impida a evolución destas Corporacións, de por si áxiles como consecuencia dos intereses que representan.

Por outra parte, esta Lei pretende dotar dos instrumentos adecuados, para, respectando a diversidade de cada institución, busca-lo consenso para a realización de programas de acción conxunta de tódalas Cámaras proxectando unha idea homoxénea da institución e un proxecto de sistema cameral galego, a partir dunhas Cámaras localmente fortes, plural e efectivo, con lexitimidade social e adecuada formación, sexa o obxectivo a conseguir, mediante a creación do Consello

Galego de Cámaras, que nace como o órgano de coordinación e impulso de actuacións mancomunadas de tódalas Cámaras, buscando a obtención dunhas maiores economías de escala. Unha maior aproximación a tódalas empresas de cada demarcación, adecuando os instrumentos que posúen as Cámaras a á esencia dos servizos a prestar e a busca dun marco de colaboración coas asociacións empresariais que permita que as súas actuacións se complementen, son igualmente obxectivos que se marcan coa creación de dita corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Dentro destes desenvolvementos regulamentarios é importante destaca-los Regulamentos de Réxime Interior das Cámaras, a través dos que se pretende que a regulamentación de cada unha das Cámaras se adapte o máximo posible á súa propia realidade intrínseca, evitando que a busca de unha uniformidade excesiva supoña unha mingúa da eficacia de unhas Cámaras respecto de outras. Neste ámbito son abundantes as remisións ós Regulamentos de Réxime Interior, permanecendo os preceptos da Lei como meramente supletorios en defecto de previsións en ditos Regulamentos.

A presente Lei estrutúrase en sete capítulos.

No Capítulo I, dedicado ás Disposicións Xerais, mantense o carácter tradicional de Corporacións de Dereito Público das Cámaras, sen esquecer a posibilidade de persecución de intereses privados. En canto ás funcións de carácter público que se lle encomendan, ademais das establecidas na Lei 3/1993, asígnanse outras, nas que se pon de manifesto o carácter de entidades colaboradoras coa Administración; colaboración que se reforza a través da previsión de delegación de funcións e de encomenda de xestión que pode realiza-la Administración Pública Galega en ditas Corporacións.

No Capítulo II, relativo ó Ámbito territorial, preténdese tanto o mantemento da situación actual, como, e en aras ó mellor cumprimento das súas funcións, preve-la posibilidade de disolución, creación, fusión ou integración de Cámaras e modificación da súa demarcación cameral, buscando sempre unha tendencia cara á unificación de recursos e o mantemento de representación destas Corporacións en todo o territorio. Representación que se consegue tanto pola existencia de unha Cámara en cada provincia, como coa previsión de creación de delegacións.

O Capítulo III, dedicado á Organización, atópase dividido en seis seccións. Nas catro primeiras regúlanse os órganos de goberno das Cámaras, sendo estes o Pleno, o Comité Executivo e o Presidente, estando integrado o Comité Executivo, polo Presidente da Corporación, Vicepresidentes, o Tesoureiro e un número de voceiros que non poderá ser inferior a tres nin superior de seis. En canto a ditos órganos de goberno, as funcións máis importantes, a desenvolver polas Cámaras, resérvanse ó Pleno da Corporación, permitíndose en determinados casos ou facer uso da delegación das mesmas. Na sección quinta establécense os criterios xerais polos que se debe rexe-lo persoal das Cámaras, onde, sen perxuro do seu carácter de persoal sometido ó Dereito Laboral, trátase de garanti-la súa imparcialidade, independencia e profesionalidade no desenvolvemento das funcións que as Cámaras teñen encomendadas. Dentro deste ámbito é importante destaca-la figura do Secretario Xeral, que como encargado de velar pola legalidade dos acordos dos órganos de goberno, haberá de exercer-las súas funcións con imparcialidade e estricto sometemento á legalidade. Na sección sexta dedicada ó Regulamento de Réxime Interior establécense os criterios mínimos, tanto de contido como de estrutura, ó que se deben adapta-los mesmos, partindo sempre da liberdade das Cámaras, que respectando as normas imperativas, regulen a súa organización da forma máis adecuada á súa propia idiosincrasia, todo elo sen manter allea á Administración, tanto dende o punto de vista da aprobación dos Regulamentos, como da posibilidade de promove-la súa modificación.

O Capítulo IV, baixo a rúbrica do Réxime Electoral, respectase a tradición electoral destas Corporacións, mantendo o sistema de elección por medio de grupos e categorías, facilitándose, así mesmo, a participación, mediante a posibilidade de poder emitilo voto por correo.

O Capítulo V está dedicado ó Réxime Económico e Orzamental. No que se recollen as vías de ingresos e a obriga de elaboración e liquidación de orzamentos, así como o sistema contable e los mecanismos de control financeiro destas Corporacións, afondando no principio de autofi-

nanciamento parcial instaurado pola Lei Básica e no sistema de fiscalización pública dos orzamentos.

No Capítulo VI créase e regula o Consello Galego de Cámaras, configurándoo como unha Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Con elo preténdese, fundamentalmente, dar satisfacción a determinados intereses que afectan a toda a Comunidade Autónoma e que dificilmente poden satisfacerse por cada unha das Cámaras de forma illada, sendo o órgano de coordinación e impulso de actuacións comúns das Cámaras, obtendo así unha mellor asignación dos recursos dispoñibles, sen perxuro do seu carácter de órgano de colaboración coa Administración Autonómica.

O Capítulo VII está dedicado ó Réxime Xurídico onde, de acordo ó previsto na Lei 3/1993, sométese a contratación e o réxime patrimonial ó Dereito privado debendo respectarse os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. Por outra parte e ante a eventualidade dunha posible inactividade da Administración Pública nas súas funcións de tutela, que podería impedi-lo normal funcionamento das Cámaras, establécese o silencio administrativo como positivo para os supostos de que non se resolverse expresamente. No ámbito da suspensión e disolución dos órganos de goberno das Cámaras, ademais de recolle-lo xa previsto na Lei Básica de 1993, establécese un prazo de alegacións de quince días, que en casos extraordinarios pode ser reducido a cinco, de tal forma que dentro dos procedementos de suspensión e disolución se establece como preceptivo o dar cumprimento ó principio de contradicción.

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

A presente Lei ten por obxecto a regulación das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e, no seu caso, Navegación, da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Natureza xurídica.

As Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e, no seu caso Navegación, da Comunidade Autónoma de Galicia son Corporacións de Dereito Público e configúranse como órganos consultivos e de colaboración coas Administracións Públicas, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sen menoscabo dos intereses privados que perseguen. Para o cumprimento dos seus fins gozarán de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A súa estrutura e funcionamento deberán ser democráticos.

Artigo 3. Finalidade.

As Cámaras, de acordo co establecido no artigo 1.2 da Lei 3/1993, de 22 de marzo, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, ademais do exercicio das funcións de carácter público que lles atribúe a presente Lei e das que lles poidan encomendar ou delegalas Administracións Públicas, teñen como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria e, no seu caso a navegación, e a prestación de servizos ás empresas que exerzan as indicadas actividades, sen perxuro da liberdade sindical e de asociación empresarial e das actuacións noutras organizacións sociais que legalmente se constitúan.

Artigo 4. Funcións.

1. Ás Cámaras, corresponderalles, ademais de aquelas funcións ás que se refire o artigo 2.1 da Lei 3/1993, o exercicio das seguintes:

- a) A prestación de servizos de información, formación, asesoramento e asistencia técnica ós seus electores.
- b) As funcións de carácter público-administrativo legalmente atribuídas.
- c) A xestión de servizos públicos ou a realización de funcións que se lle encomenden ou deleguen na forma prevista nas leis.

2. Así mesmo, corresponde ás Cámaras o exercicio das funcións público-administrativas que se enumeran a continuación, cunha forma, contido e procedemento poderán desenvolverse regulamentariamente:

- a) Elaborar estatísticas do comercio, a industria e a navegación de Galicia, realizar enquisas de avaliación, estudos dos distintos sectores comerciais, industriais e navieiros, así como publicalos e difundilos, con suxeición, en todo caso, ó disposto na Lei 12/1989, de 9 de maio sobre Función Estatística Pública, na Lei 7/1993 de 24 de maio, de modificación da Lei 9/1988, de 19 de xullo de Estatística de Galicia e demais disposicións aplicables.
- b) Promover e cooperar na organización de feiras e exposicións.
- c) Difundir e impartir formación regulamentada e non regulamentada referente á empresa.
- d) Colaborar nos programas de formación permanente establecidos polas empresas, por centros docentes públicos ou privados e, no seu caso, polas Administracións Públicas competentes, dentro dos termos dos convenios de colaboración que subscriban.
- e) Crear e administrar lonxas de contratación e bolsas de subcontratación, previa autorización da Administración Autonómica.
- f) Informar-las proxectos de disposicións xerais emanados da Comunidade Galega, que afecten directamente ós intereses xerais do comercio, a industria e navegación, nos supostos e coas condicións e alcance que o ordenamento xurídico determine.
- g) Colaborar na execución dos programas públicos de axudas ás empresas nos termos que se establezan en cada caso, así como xestionar-las servizos públicos relacionados coas mesmas, cando a súa xestión corresponda á Administración Autonómica, e sempre que así se estableza nas súas respectivas normas.
- h) Colaborar cos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia informando os estudos, traballos e accións que se realicen sobre a ordenación do territorio, medio ambiente e localización industrial e comercial.
- i) Elabora-las listas previstas no apartado 5 do art. 41 da Lei 36/1988, de 5 de decembro, de Arbitraje, así como participar no Sistema Arbitral de Consumo, designando árbitros para participar nos colexios arbitrals, sen perxuro do establecido no artigo 2.1.i) da Lei Básica de Cámaras.
- j) Difundi-las actividades e programas de apoio dirixidos ás empresas e participar na elaboración dos mesmos, cando así se determine.
- k) Colaborar na promoción comercial e desenvolver actividades de apoio e estímulo ó comercio exterior, en especial á exportación, e apoiar e fomenta-la presenza dos produtos e servizos galegos no exterior.

3. As Cámaras poderán levar a cabo calquera clase de actividades que contribúan á promoción e defensa do comercio, a industria e a navegación de Galicia, e, en especial, establecer servizos de información e asesoramento empresarial.

4. Para o adecuado desenvolvemento das súas funcións as Cámaras poderán, en aras de conseguir un máis eficaz cumprimento dos fins que teñen encomendados en beneficio das empresas da súa circunscrición, previa autorización do órgano competente da Administración Autonómica en materia de Cámaras (en diante, órgano tutelar), promover ou participar, xunto a outras entidades públicas ou privadas, en asociacións, consorcios, fundacións, sociedades civís, ou mercantís de carácter público ou privado, ou entidades de natureza análoga, así como establecer-las oportunos convenios de colaboración con outras Cámaras.

Para o outorgamento da citada autorización, deberá xustificarse a necesidade ou conveniencia da promoción ou participación prevista.

5. As Cámaras elaborarán dentro do primeiro semestre de cada ano unha Memoria que recolla tódalas actividades e servizos desenvolvidos durante o exercicio anterior, segundo as súas funcións recoñecidas e que deberá ser remitida ó órgano competente en materia de tutela de Cámaras.

Artigo 5. Delegación de funcións e encomenda de xestión

1. O Consello da Xunta de Galicia, previo informe do Consello Galego de Cámaras, poderá delegar en todas ou nalgunha das Cámaras o exercicio de funcións ou a xestión de actividades atribuídas á Administración da Comunidade Autónoma, sempre que sexan plenamente compatibles coa súa natureza e funcións. Na tramitación do expediente, que haberá de acreditar a concorrencia de circunstancias técnicas, económicas, sociais, xurídicas ou territoriais que aconsellen a delegación, darase audiencia á Cámara ou Cámaras afectadas.

2. A Administración Autonómica poderá encomendar ás Cámaras a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da súa competencia cando razóns de eficacia ou de carencia de medios técnicos idóneos para o seu desempeño así o aconsellen. A encomenda de xestión formalizarase a través dun convenio entre a Administración da Comunidade Autónoma e a Cámara ou Cámaras afectadas no que se fará constar a actividade ou actividades obxecto da encomenda, o prazo de vixencia da mesma, a natureza e alcance da xestión encomendada, e, no seu caso, os medios económicos que se habilitan por ambas partes. Toda encomenda de xestión, deberá ser informada previamente polo Consello Galego de Cámaras.

Artigo 6. Servizos mínimos obrigatorios.

A Administración Autonómica poderá, previo informe favorable do Consello Galego de Cámaras, declarar servizos mínimos obrigatorios para cada Cámara respecto ás funcións previstas no artigo 4 de esta Lei, ademais das recollidas no artigo 2 da Lei 3/1993, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, con audiencia das Cámaras afectadas en aqueles casos en que os servizos mínimos no tiveran carácter xeneral para todas elas.

CAPÍTULO II ÁMBITO TERRITORIAL

Artigo 7. Ámbito territorial

1. En cada provincia existirá unha Cámara, a lo menos. O seu ámbito competencia dependerá da súa demarcación. Tamén poderán existir Cámaras de distinto ámbito territorial, cunha creación e integración que se axustará ó procedemento establecido nesta Lei.

2. Non poderán integrarse nin fusionarse Cámaras pertencentes a distintas provincias. Tampouco poderán existir Cámaras cun ámbito que abrangue dúas ou máis provincias, nin Cámaras cunha demarcación que non coincida, a lo menos, cun termo municipal.

Artigo 8. Requisitos e supostos de creación, fusión e integración de Cámaras.

1. A creación de novas Cámaras só poderá realizarse sobre a base de intereses comerciais, industriais ou navieiros específicos e sempre que a entidade resultante conte con recursos suficientes para o cumprimento satisfactorio das súas funcións e non supoña mingúa na calidade dos servizos que viñan sendo prestados.

2. Poderán crearse novas Cámaras:

- a) Por fusión de dúas ou máis Cámaras de ámbito infraprovincial.

O procedemento iníciarase cos acordos, adoptados pola maioría absoluta dos membros dos Plenos, favorables á fusión das distintas Cámaras afectadas.

b) Por integración de dous ou máis Cámaras de ámbito infraprovincial. Poderase iníciar-lo procedemento cando unha Cámara, durante catro exercicios consecutivos, liquide cun déficit superior ó vinte por cento dos seus ingresos o non alcance a porcentaxe mínima de autofinanciamento, previsto na Lei Básica 3/1993 de 22 de marzo, mediante ingresos non provintes do recurso cameral permanente, ou cando a Administración Tutelante, tendo en conta os intereses xerais do comercio, industria e navegación da Comunidade Autónoma de Galicia e previo informe favorable do Consello Galego de Cámaras, considéreo convinte.

Artigo 9. Disolución de Cámaras.

As Cámaras de ámbito infraprovincial, poderán disolverse por acordo do Pleno respectivo adoptado en sesión convocada ó efecto. Para a validez do acordo requirirase o voto favorable de dous tercios das partes dos membros do Pleno e posterior aprobación polo Consello da Xunta. A Administración Autónoma determinará, previo informe do Consello Galego de Cámaras a corporación na que deba integrarse a Cámara disolta, podendo incorporarse a varias xa existentes, establecéndose neste caso as novas demarcacións camerais.

Artigo 10. Modificación de demarcacións.

O Consello da Xunta de Galicia poderá altera-la demarcación territorial das Cámaras:

- a) Cando estas, conxuntamente, así o acorden por maioría de dous tercios dos membros do Pleno.
- b) Cando o soliciten máis de dous tercios dos electores dos termos municipais a segregar dunha Cámara para agregalos a outro limítrofe, que representen, a lo menos, o cincuenta por cento das cotas dos mesmos, e contén co acordo do Pleno da Cámara á que se agregarían ditos termos municipais.
- c) Cando a Administración Tutelante, tendo en conta os intereses xerais do comercio, industria e navegación da Comunidade Autónoma de Galicia e previo informe favorable do Consello Galego de Cámaras, considéreo convinte

Artigo 11. Normas comúns para os procedementos de creación, disolución, integración, e fusión das Cámaras e modificación das demarcacións camerais.

1. A creación, disolución, integración, fusión e modificación das demarcacións camerais realízase por Decreto do Consello da Xunta de Galicia.

2. Naqueles casos en que o expediente se inicie por solicitude conxunta e voluntaria das Cámaras, por solicitude dos seus electores de acordo co previsto no artigo 10.b) así como nos procedementos de fusión ou integración voluntarias, requirirase autorización do órgano tutelar que poderá denegala por medio de resolución motivada. Transcorridos seis meses dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano tutelar sen que se teña dictado resolución expresa, esta entenderase desestimada.

3. Nos supostos de creación, disolución, integración ou modificación acordadas polo órgano tutelar, o procedemento iníciarase por Orde da Consellería competente en materia de Cámaras.

4. En tódolos casos, agás no suposto de disolución, será preceptiva a audiencia da Cámara ou Cámaras afectadas, así como o informe do Consello Galego de Cámaras.

5. As Cámaras que se extingan como consecuencia da súa integración noutra poderán conservar a súa denominación e funcionar como delegacións da mesma na demarcación territorial que en cada caso se determine sempre que contén coa autorización da Cámara absorbente.

Artigo 12. Creación de delegacións.

Co fin de garantir en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o eficaz e pleno cumprimento das funcións de carácter público-administrativo que se lle atribúen ás Cámaras, así como a mellor prestación dos seus servizos, estas poderán crear delegacións en aquelas áreas ou zonas na que a súa importancia económica o aconselle, dentro da súa demarcación territorial.

O órgano tutelar poderá recomendar ás Cámaras o establecemento de delegacións cando exista un núcleo de empresas suficientemente representativas para xustificar a proximidade dos servizos.

En cada delegación existirá un delegado que será designado e cesado polo Pleno da Cámara. O procedemento de designación, cese e as súas funcións determináranse no Regulamento de Réxime Interior de cada Cámara.

CAPÍTULO III ORGANIZACIÓN

Artigo 13. Órganos de goberno das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e, no seu caso, de Navegación de Galicia.

Os órganos de goberno das Cámaras son o Pleno, o Comité Executivo e o Presidente.

SECCIÓN 1ª. DO PLENO

Artigo 14. O Pleno.

1. O Pleno é o órgano supremo de goberno e de representación da Cámara e estará composto por:

a) Os voceiros que, en número non inferior a dez nin superior a sesenta, e que se determinen no Regulamento de Réxime Interior de cada Cámara, serán elixidos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre tódolos electores da Cámara, de acordo coa clasificación en grupos e categorías, en atención á importancia económica relativa dos diferentes sectores representados e na forma que regulamentariamente se estableza.

b) Os voceiros que, en número do quince por cento dos sinalados no parágrafo anterior, serán elixidos polos membros do Pleno sinalados na letra anterior, entre persoas de recoñecido prestixio na vida económica galega, propostos polas organizacións empresariais á vez intersectoriais e territoriais máis representativas, na forma que regulamentariamente se determine. A este fin, ditas organizacións deberán propor unha lista de candidatos que supere nun tercio o número de vocais a cubrir.

2. Sempre que estea previsto nos Regulamentos de Réxime Interior de cada Cámara, os Plenos das mesmas poderán elixir un número de vocais cooperadores, cun número que non poderá ser superior a unha quinta parte de los vocais electos, de entre persoas de recoñecido prestixio, que non poderán formar parte do Comité Executivo, nin representar á Cámara en entidades ou organismos públicos ou privados. Poderán asistir ó pleno con voz pero sen voto, sempre que teñan sido convocados ó efecto.

3. A condición de membro do Pleno é única e indelegable, non tendo carácter retribuído.
4. Os membros do Pleno teñen o dereito e o deber de asistir, con voz e voto, ás sesións que o mesmo celebre.
5. O mandato dos vocais do Pleno será de catro anos, podendo ser reelixidos.
6. A estrutura e composición do Pleno, no referente a súa distribución por grupos e categorías, revisárase e actualizará antes de cada período electoral. Para esta revisión e actualización teranse en conta as variables relacionadas co crecemento económico dos diferentes sectores económicos galegos, todo elo, de acordo coas directrices establecidas polo órgano tutelar.
7. Regulamentariamente determinarase o réxime de provisión de vacantes no Pleno.

Artigo 15. Atribucións.

1. Como órgano supremo da Cámara, corresponden ó Pleno as seguintes atribucións:
 - a) A elección e cese do Presidente.
 - b) O control e fiscalización dos demais órganos de goberno da Cámara.
 - c) A aprobación provisional do Regulamento de Réxime Interior e das súas modificacións, para a remisión do mesmo ó órgano tutelar ós efectos da súa aprobación definitiva.
 - d) A aprobación dos convenios de colaboración e cooperación coas Administracións Públicas e con calquera outras entidades.
 - e) A adopción dos acordos relativos á creación ou participación da Cámara en asociacións, fundacións e sociedades civís o mercantís, así como dos acordos para súa supresión ou finalización da participación.
 - f) A aprobación, a proposta do Comité Executivo, do cadro de persoal así como os criterios para a súa cobertura.
 - g) A aprobación inicial do Orzamento e das Contas Anuais da Cámara, así como o seu sometemento ó órgano tutelar para a súa aprobación definitiva.
 - h) A elección e cese dos membros do Pleno que haxan de formar parte do Comité Executivo.
 - i) A aprobación inicial das bases da convocatoria para a provisión do posto de Secretario Xeral.
 - j) O nomeamento e cese do Secretario Xeral.
 - k) O nomeamento e cese do persoal de alta dirección ó servizo da Cámara.
 - l) A aprobación dos informes que se haxan de remitir ás Administracións Públicas.
 - m) A adopción de acordos sobre o exercicio de accións e a interposición de recursos ante calquera xurisdicción.
 - n) A enaxenación de patrimonio e a concertación de operacións de crédito.
 - ñ) A aprobación dos plans anuais de actuación e xestión da Cámara.
 - o) A constitución de comisións consultivas e de relatorios.
 - p) O nomeamento de representantes da Cámara noutras entidades.
 - q) Cantas outras atribucións lle confiran as leis expresamente.

2. Conforme ó procedemento previsto no Regulamento de Réxime Interior o Pleno da Cámara poderá delegar e revocar, sen perxuro da súa comunicación ó órgano tutelar, o exercicio das súas atribucións no Comité Executivo agás as enumeradas nos apartados a), b), c), e), f), g), h), i), j), k), n), do punto primeiro deste artigo. As delegacións en materia de xestión financeira decaerán automaticamente coa aprobación de cada orzamento anual. En calquera caso, as delegacións conferidas polo Pleno non poderán exceder do seu período de mandato, extinguíndose automaticamente no momento en que se renove o Pleno da Cámara.

SECCIÓN 2ª. DO COMITÉ EXECUTIVO

Artigo 16. Composición.

1. O Comité Executivo é o órgano permanente de xestión, administración e proposta da Cámara, que será elixido polo Pleno de entre os seus voceiros con dereito a voto y por un mandato de duración igual ó de estes e estará formado por un Presidente, dun a tres Vicepresidentes, un Tesoureiro e por un número de voceiros que non será superior a seis nin inferior a tres, que se fixará no Regulamento de Réxime Interior de cada Cámara. Os cargos do Comité Executivo non serán remunerados.

2. O órgano tutelar poderá nomear un representante da Administración Autonómica que, sen condición de membro, terá voz pero non voto nas sesións do Comité Executivo, ás que deberá ser convocado nas mesmas condicións que os seus membros.

3. No Regulamento de Réxime Interior de cada Cámara, preverase o exercicio das funcións dos membros do Comité Executivo, nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.

Artigo 17. Atribucións.

Corresponden ó Comité Executivo as seguinte atribucións:

- a) Realizar ou ordena-la realización de informes e estudos relacionados cos fins da corporación.
- b) Propor ó Pleno os plans anuais de actuación e xestión corporativa así como realizar e dirixilos xa aprobados, dando conta a aquel do seu cumprimento.
- c) Elabora-los proxectos de Orzamentos e presentalos ó Pleno para a súa aprobación.
- d) Confecciona-las Liquidacións de Orzamentos e as Contas Anuais e presentalas ó Pleno para a súa aprobación.
- e) Elabora-los proxectos do cadro de persoal, así como os criterios para a súa cobertura, para a súa aprobación polo Pleno.
- f) A contratación do persoal, agás o de alta dirección.
- g) Aproba-las resolucións correspondentes á liquidación, así como as relativas á recadación do recurso cameral permanente.
- h) Aprobar e revisar o censo electoral e resolver as impugnacións ó mesmo.
- i) En casos de urxencia debidamente motivada, adoptar acordos sobre materias competencia do Pleno susceptibles de delegación, dando conta a este para que proceda a súa ratificación na primeira sesión que celebre e que terá lugar, como máximo, no prazo de trinta días.
- j) Velar polo normal funcionamento dos servizos da Cámara.
- k) Exerce-las competencias que lle sexan delegadas ou encomendadas polo Pleno.
- m) Exerce aquelas competencias da Cámara que non estean expresamente atribuídas a outro órgano.

Artigo 18. Perda da condición de membro do Pleno e do Comité Executivo.

1. Ademais de pola terminación do mandato, a condición de membro do Pleno perderase, coas garantías e réxime de recursos establecidos na presente Lei, por algunha das seguinte causas:

- a) Cando desapareza calquera dos requisitos legais de elixibilidade que concorreron para súa elección.
- b) Por resolución administrativa o xudicial firme, que anule a súa elección ou proclamación como candidato.
- c) Pola falta de asistencia inxustificada ás sesións do Pleno, por tres veces consecutivas ou catro veces non consecutivas, dentro do ano natural, previa incoación do expediente administrativo no que se dará audiencia ante o Pleno.
- d) Por dimisión ou renuncia, ou calquera causa que incapacite para o desempeño do cargo.

e) Por falecemento dos que teñan a consideración de persoas físicas ou pola extinción da personalidade xurídica no caso de los membros del Pleno con forma societaria.

2. Pola súa parte e ademais da terminación ordinaria dos seus mandatos, tanto o Presidente como os cargos do Comité Executivo cesarán:

- a) Pola perda da condición de membro do Pleno.
- b) Por acordo do Pleno, adoptado por maioría absoluta na forma que no Regulamento de Réxime Interior se estableza.
- c) Por renuncia ó cargo, aínda que se manteña a condición de membro do Pleno.
- d) Por falta de asistencia inxustificada ás sesións do Comité Executivo, por tres veces consecutivas ou catro veces non consecutivas, dentro do ano natural previa incoación do expediente administrativo no que se dará audiencia ante o Pleno.

3. O procedemento para a cobertura das vacantes será o que se determine en cada Regulamento de Réxime Interior, de conformidade co que regulamentariamente se estableza pola Administración Autonómica. Os elixidos para ocupar vacantes no Pleno, no Comité Executivo ou na Presidencia, serano soamente polo tempo que reste para cumprir o mandato a regular durante o cal se producira a vacante.

SECCIÓN 3.ª DO PRESIDENTE

Artigo 19. Elección.

1. O Presidente é o órgano de goberno que ostenta a representación da Cámara e exerce a presidencia de tódolos seus órganos colexiados. É responsable da execución dos acordos do Pleno e do Comité Executivo.

2. Será elixido polo Pleno de entre os seus membros, na forma que determinen os Regulamentos de Réxime Interior de cada Cámara e supletoriamente na forma que regulamentariamente se determine pola Administración Autonómica. Para resultar elixido, o candidato deberá obter-lo voto favorable da maioría absoluta dos membros do Pleno. De non se obter dita maioría, procederase a unha segunda votación, resultando elixido quen obteña o maior número de votos. En caso de empate, procederase no terceiro día hábil seguinte a unha nova votación. De persistir-lo empate resultará elixida a empresa que teña maior antigüidade no exercicio da actividade empresarial dentro da circunscrición cameral, agás que conorra á elección algún dos voceiros do artigo 14.1.b), en cuxo caso se elixirá por sorteo.

Artigo 20. Cese.

1. O Presidente cesará, ademais de polas causas previstas no artigo 18.2, como consecuencia de:

- a) Por substitución da persoa física designada para ostenta-la representación da persoa xurídica titular do cargo.
- b) A convocatoria de eleccións para a renovación do Pleno, actuando en funcións durante dito período.
- c) A aprobación, por maioría absoluta do Pleno, dunha moción de censura que deberá ser proposta, a lo menos, por unha quinta parte do número de membros do Pleno, en sesión celebrada ó efecto, e que incluírá necesariamente a proposta dun candidato á Presidencia da Cámara.
- d) Dimisión.
- e) Sentencia firme que implique a súa inhabilitación para o cargo.
- f) Falecemento.
- g) Perda da condición de membro do Pleno.

2. Cando concorran calquera destes supostos, o Presidente da Cámara será substituído polos Vicepresidentes, pola súa orde, ata a elección de novo Presidente, de acordo co previsto no Regulamento de Réxime Interior.

Artigo 21. Atribucións.

1. Ó Presidente da Cámara correspóndelle as seguintes atribucións:
 - a) Convocar, presidir e dirixir as sesións do Pleno, do Comité Executivo e de calquera outros órganos da Cámara, dirimindo co seu voto de calidade os empates que se produzan.
 - b) Executar os acordos dos órganos colexiados da Cámara.
 - c) Dispor gastos dentro dos límites que polo Pleno se establezan, e ordenar ó tesoureiro todos os pagos, debendo render contas ó Pleno.
 - d) Asumir e levar a representación da Cámara nos actos oficiais.
 - e) Presidir os Organismos e Institucións que dependan ou podan depender no sucesivo da Cámara.
 - f) Firmar a correspondencia oficial da Cámara.
 - g) Visar as actas e as certificacións que dos acordos deban librarse.
 - h) Adoptar as medidas disciplinarias que procedan, de acordo co establecido no Regulamento de Réxime Interior.
 - i) Representar á Cámara en todos os actos xurídicos e exercer os dereitos e accións que a ela correspondan.
 - j) Sen perxuro das funcións atribuídas ós órganos de goberno, dictar tantas resolucións estime necesarias ou beneficiosas para a boa marcha da Cámara e, respecto dos asuntos e comunicacións non sometidos a estudo das comisións, así como nos de extrema urxencia, dando conta ó Comité Executivo na primeira sesión que este celebre.
 - k) Delegar a súa representación nos termos previstos no apartado segundo deste artigo.
 - l) Dispor o reparto de asuntos, temas ou cuestións ás comisións consultivas, cando o seu xuízo, deban ser obxecto de estudo ou exame previo á consideración do Pleno.
 - m) En xeral, disporá canto teña por conveniente para a boa marcha das actividades corporativas, dando conta ó Pleno e, no seu caso ó Comité Executivo.
 - n) Exercer tantas outras funcións lle encomenden as leis e o Regulamento de Réxime Interior.

2. O Presidente poderá delegar e revocar o exercicio das súas atribucións nos Vicepresidentes, agás a relativa á Presidencia do Pleno e do Comité Executivo, e isto sen perxuro dos casos de substitución contemplados nos artigos 20.2 y 22.2 da presente Lei, decaendo a delegación automaticamente coa extinción do mandato do Presidente. O Regulamento de Réxime Interior poderá prever a posibilidade de delegacións especiais a favor de calquera membro do Pleno para a dirección e xestión de asuntos determinados.

SECCIÓN 4ª. DOS VICEPRESIDENTES

Artigo 22. Designación, cese e funcións.

1. Os Vicepresidentes serán elixidos e cesados por acordo do Pleno de cada Cámara, de entre os seus membros, conforme ó establecido no Regulamento de Réxime Interior.

2. Os Vicepresidentes substituirán, pola súa orden, ó Presidente nos casos de ausencia, enfermidade, ou vacante.

3. Os Vicepresidentes exercerán ademais aquelas funcións que lles sexan delegadas polo Presidente, de acordo co previsto no artigo 19.2 da presente Lei..

SECCIÓN 5ª. DO PERSOAL**Artigo 23. Réxime Xurídico.**

1. Todo o persoal, incluído o Secretario Xeral e o persoal de alta dirección ó servizo das Cámaras, quedará suxeito ó Dereito Laboral, sen perxuro do disposto na Disposición Transitoria 8ª da Lei 3/1993 de 22 de marzo, Básica das Cámaras.

O Regulamento de Réxime Interior de cada Cámara establecerá o réxime do persoal ó servizo da Cámara así como o procedemento para a súa contratación, que deberá adecuarse ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria.

2. Así mesmo quedarán sometidos ó réxime de incompatibilidades que se establezan no Regulamento de Réxime Interior de cada Cámara. En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo ó servizo das Cámaras será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, pública ou privada, que poda impedir ou menoscaba-lo estricto cumprimento dos seus deberes, ou compromete-la súa imparcialidade ou independencia.

3. Anualmente, o Pleno de cada Cámara aprobará un cadro de persoal na que se relacionarán, debidamente clasificados, tódolos postos de traballo, con expresión da súa denominación, funcións e categoría.

Artigo 24. O Secretario Xeral

1.- Cada Cámara terá un Secretario Xeral retribuído, con voz pero sen voto, con título de Licenciado en Dereito.

2.- O Secretario Xeral ten como funcións, ademais de aquelas que expresamente lle atribúa o Regulamento de Réxime Interior ou que, no seu caso, lle delegue expresamente o Presidente ou o propio Comité Executivo, velar pola legalidade dos acordos dos órganos de goberno da Cámara debendo facer, cando proceda, as advertencias pertinentes en tal sentido, e dando fe pública dos actos e acordos adoptados polas mesmas; a estes efectos asistirá ás sesións dos órganos de goberno con voz pero sen voto.

3.- O nomeamento do Secretario corresponde ó Pleno da Cámara, previa convocatoria pública cuxas bases serán aprobadas polo órgano tutelar. Tanto o acordo de nomeamento como o de cese debe ser adoptados de forma motivada pola metade máis un dos membros do Pleno.

4.- Agás naqueles casos nos que as Cámaras nomeen un Director Xeral, vencellado pola relación laboral de carácter especial de alta dirección, que será Director de aqueles servizos da Cámara previstos no Regulamento de Réxime Interior e de cuxo funcionamento será responsable ante o Comité Executivo, o Secretario será o Director de tódolos servizos da Cámara, de cuxo funcionamento responderá ante o Comité Executivo.

5.- O Regulamento de Réxime Interior determinará a forma e os supostos en que deba ser substituído o Secretario Xeral, con ocasión de ausencia temporal, vacante, enfermidade ou calquera outro suposto de impedimento temporal.

6.- O Secretario haberá de exercer-las súas funcións con imparcialidade e estricto sometemento á legalidade. Para o desenvolvemento das mesmas goza de inmovilidade e autonomía funcional.

7.- Sen perxuro do establecido na normativa laboral, o Secretario so poderá ser destituído das súas funcións pola comisión de algunha das faltas que, con carácter obxectivo e taxado, están previstas no Regulamento de Réxime Interior de cada Cámara. A súa apreciación compete ó Pleno, mediante acordo motivado, adoptado pola metade máis un dos seus membros en sesión

extraordinaria convocada ó efecto e previa instrucción dun expediente no que se dará audiencia ó Secretario.

A instrucción do expediente corresponderá ó membro do Comité Executivo que este designe, non podendo concorrer á sesión do Pleno na que se adopte a decisión sobre a destitución ou non do Secretario.

Contra o acordo del Pleno poderá interperse recurso administrativo ante o órgano tutelar.

Artigo 25. Persoal de Alta Dirección.

Os Regulamentos de Réxime Interior establecerán, con subxección á normativa laboral, tódalas cuestións relativas ó persoal de alta dirección ó servizo da Cámara, non sendo de aplicación a este persoal a previsión de modificación contractual da indemnización establecida no artigo 11.1 do Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto.

SECCIÓN 6ª: REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

Artigo 26. Aprobación e modificación do Regulamento de Réxime Interior.

Corresponde ó órgano tutelar a aprobación dos Regulamentos de Réxime Interior das Cámaras e do Consello Galego de Cámaras, así como as súas modificacións. Considéranse aprobados si, transcorridos tres meses dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano tutelar, este non formulou obxeccións na súa contra. O órgano tutelar pode denegar expresamente a aprobación definitiva do regulamento ou propo-la súa modificación parcial de maneira motivada. Neste caso, debe sinala-lo prazo, non inferior a dous meses, para un novo envío do regulamento ou da súa modificación, transcorrido o cal sen ter recibido a nova proposta se entende que foi denegada a aprobación. Presentado o texto corrixido dentro do prazo establecido, considérase aprobado cando transcorreron dous meses dende a súa presentación no rexistro do órgano tutelar.

Artigo 27. Contido do Regulamento de Réxime Interior.

1. No Regulamento de Réxime Interior constará, entre outros extremos, a estrutura do seu Pleno, o número e forma de elección dos membros do Comité Executivo e en xeral, as normas de funcionamento dos seus órganos de goberno, organización e réxime do persoal ó servizo da Cámara.

2. Así mesmo no Regulamento de Réxime Interior estableceranse os mecanismos adecuados para asegura-lo normal funcionamento da Cámara, no non previsto na presente Lei e as súas normas de desenvolvemento regulamentario.

3. Incluíranse como Anexos ó Regulamento de Réxime Interior a estrutura e composición do Pleno no referente á súa distribución por Grupos e Categorías, elaborado de acordo co establecido no artigo 12.6 desta Lei, así como o réxime de persoal ó servizo da Cámara.

CAPÍTULO IV RÉXIME ELECTORAL

Artigo 28. Réxime Xurídico.

O sistema electoral das Cámaras rexeráse polo previsto na presente Lei, a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento, e na Lei 3/1993, de 22 de marzo.

Artigo 29. Dereito de sufraxio activo.

As persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que exerzan actividades comerciais, industriais ou navieiros no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia terán a condición de electores das Cámaras en cuxa circunscrición contén con establecementos, delegacións ou axencias.

Artigo 30. Dereito de sufraxio pasivo.

1. Os candidatos a formar parte dos órganos de goberno de cada Cámara, ademais de reunir os requisitos necesarios para ser electores, deberán:

- a) Te-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea.
- b) Levar, como mínimo, dous anos de exercicio na actividade empresarial nos territorios citados.
- c) Non se atopar en descubierto no pago do recurso cameral permanente.

2. Para ser candidato a formar parte do Pleno será necesario, ademais, estar incluído no censo electoral dentro do grupo e categoría por cuxa representación se opta.

3. As persoas doutra nacionalidade poderán ser candidatas de acordo co principio de reciprocidade, e sempre que cumpran os requisitos esixidos nos números anteriores, con excepción do apartado 1.a), anterior.

Artigo 31. Censo electoral.

1. O censo electoral de cada Cámara comprenderá a totalidade dos seus electores, clasificados por grupos e, no seu caso, por categorías.

2. A súa revisión será anual e realizarase con data do día primeiro de xaneiro de cada ano.

3. Os grupos comprenderán colectivos de electores, suxeitos pasivos do Imposto de Actividades Económicas o tributo que o substitúa. Cada Grupo poderase subdividir en categorías en atención á importancia económica relativa dos diversos sectores representados, e de acordo co que regulamentariamente se estableza.

Artigo 32. Publicidade do censo electoral.

1. Aberto o proceso electoral, e dentro dos prazos que regulamentariamente se establezan, cada Cámara deberá expo-lo seu censo ó público, no enderezo corporativo, nas súas delegacións e naqueles outros lugares que estimen oportuno.

2. As reclamacións sobre a inclusión ou exclusión das empresas nos grupos e categorías correspondentes, poderán presentarse dende o momento no que se inicie a exposición dos censos ó público ata o termo do prazo que regulamentariamente se estableza.

3. Corresponde ó Comité Executivo da Cámara resolve-las reclamacións ás que se fai referencia no apartado anterior, nos prazos que regulamentariamente se determinen.

4. Contra os acordos do Comité Executivo os interesados poderán interpor recurso administrativo ante o órgano tutelar, nos termos previstos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 33. Convocatoria de eleccións, publicidade e contido.

1. Corresponderá ó órgano tutelar, previa consulta ás Cámaras, a convocatoria de eleccións para a renovación dos membros dos Plenos de estas.

2. A convocatoria se publicará no Diario Oficial de Galicia e, cada Cámara dará publicidade da mesma, como mínimo, nas súas sedes sociais e nas súas delegacións, así como naqueles lugares e polos medios de comunicación que considere máis oportunos e que teñan a máxima difusión no seu ámbito territorial ou sector empresarial.

3. A convocatoria deberá conter:

- a) Os días e horas en que cada grupo ou categoría debe emitir o voto para a elección dos seus representantes.
- b) O número de Colexios Electorais e os lugares onde haxan de se instalar.
- c) Os prazos para o exercicio do voto por correo.
- d) As sedes das Xuntas Electorais.

Artigo 34. Xuntas Electorais.

1. Publicada a convocatoria, no prazo que regulamentariamente se estableza, constituirase en cada Cámara unha Xunta Electoral integrada por tres representantes dos electores da Cámara e dúas persoas designadas polo órgano tutelar, unha das cales exercerá as funcións de Presidente.

2. O Presidente nomeará Secretario de Xunta Electoral con voz pero sen voto entre funcionarios do órgano tutelar ou o persoal da Cámara respectiva.

3. O mandato das Xuntas Electorais prolongarase, trala celebración das eleccións, ata o momento no que proceda a súa disolución, que se fixará regulamentariamente, e unha vez efectuada a toma de posesión dos cargos electos.

Artigo 35. Presentación e proclamación de candidatos.

1. Publicada a convocatoria no Diario Oficial de Galicia procederá a presentación de candidaturas ante a Secretaría da Cámara respectiva. As candidaturas serán avaladas pola firma como mínimo do catro por cento dos electores do grupo, ou, no seu caso, da categoría correspondente. Se o número de electores do grupo ou categoría fora superior a douscentos, será suficiente coa firma de dez electores para a presentación do candidato.

2. Corresponde á Xunta Electoral respectiva, despois de comproba-lo cumprimento dos requisitos exiguos para a presentación das candidaturas, a proclamación dos candidatos.

3. A Xunta Electoral reflexa nunha acta a proclamación de candidatos e as incidencias que houbera. Da mesma enviarase copia certificada á delegación provincial do órgano tutelar e darase publicidade do seu contido mediante anuncio fixado no enderezo da Cámara e as súas delegacións que se publicará a lo menos nun dos xornais de maior circulación da súa circunscrición.

4. Os prazos de presentación e proclamación dos candidatos, determinaranse regulamentariamente.

Artigo 36. Comisión de seguimento do proceso electoral.

1. Dentro da Administración tutelante, constituirase unha comisión para o seguimento do proceso electoral, composta por dous representantes das Cámaras designados polo Consello Galego das Cámaras e dúas persoas designadas polo órgano competente en materia de tutela das Cámaras.

2. A Comisión para o seguimento do proceso electoral, emitirá informe sobre todos aqueles asuntos que se lles sometan en relación co proceso electoral e elección e proclamación dos membros dos órganos de goberno das Cámaras.

Naqueles casos nos que non exista unanimidade dentro da comisión, emitirase voto particular, polos membros disidentes.

3. Dito informe, cos votos particulares, será remitido á consideración do órgano competente en materia de Cámaras, o cal á vista do mesmo dictará unha resolución motivada que terá carácter vinculante.

Artigo 37. Voto por correspondencia.

Os electores que prevean que na data das eleccións non poden persoarse nos Colexios Electorais, poderán exercer-lo seu dereito ó voto emitíndoo por correo con subxección ós requisitos que se establezan regulamentariamente.

CAPÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

SECCIÓN 1ª : RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 38. Financiamento.

Para o financiamento das súas actividades, as Cámaras disporán dos seguintes ingresos:

- a) O rendemento dos conceptos integrados no denominado recurso cameral permanente, que regula o capítulo III da Lei 3/1993, de 22 de marzo.
- b) O rendemento, no seu caso, derivado da elevación pola Comunidade Autónoma, da alícuota cameral xirada sobre as cotas tributarias do Imposto de Actividades Económicas ou tributo que o substitúa.
- c) Os ingresos ordinarios e extraordinarios obtidos polos servizos que presten e, en xeral, polo exercicio das súas actividades.
- d) Os recursos que as Administracións Públicas destinen a sufragar o custo dos servizos público-administrativos ou la xestión de programas que, no seu caso, lles sexan encomendados.
- e) Os produtos, rendas e incrementos do seu patrimonio.
- f) As contribucións voluntarias dos seus electores.
- g) As subvencións, legados ou donativos que podan recibir.
- h) Os procedentes das operacións de crédito que se realicen.
- i) Calquera outros que lles podan ser atribuídos por Lei, en virtude de convenio ou por calquera outro procedemento de conformidade co ordenamento xurídico.

Artigo 39. Elevación do recurso cameral.

No marco da lexislación básica, as Leis de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán eleva-las alícuotas do recurso cameral permanente tirado sobre as cotas do Imposto de

Actividades Económicas ou calquera outro que o substitúa por riba do tipo xeral, así como afectar dito incremento, total ou parcialmente, á realización de funcións de carácter público-administrativo das Cámaras ou ó financiamento complementario do Consello Galego de Cámaras.

Artigo 40. Recurso Cameral Permanente: Obriga de Pago, Devengo e a súa Recadación.

No referente á obriga de pago e devengo, así como para a recadación e en xeral os demais extremos relativos ó recurso cameral permanente, estarase ó disposto en la Lei 3/1993, de 22 de marzo.

Artigo 41. Información sobre Recadación do Recurso Cameral Permanente.

As Cámaras ó enviaren a liquidación dos orzamentos anuais, darán conta ó órgano tutelar do número e contía das cotas non satisfeitas das distintas exaccións que o compoñen, aportando os oportunos xustificantes ou no seu caso unha memoria explicativa da situación de ditos expedientes.

Artigo 42. Subvenciones e Doazóns.

As Cámaras de Galicia soamente poderán conceder subvenciones e efectuar doazóns si se atopan directamente relacionadas cos seus propios fines e non excedan globalmente do cinco por cento do orzamento ordinario de ingresos líquidos do recurso cameral permanente de cada exercicio, agás autorización expresa do órgano competente en materia de Cámaras.

Ós efectos do disposto no parágrafo anterior, non se entenderán como subvenciones as contribucións que se realicen polas Cámaras ó Plan Cameral de Promoción das Exportacións e á función de colaboración coas Administracións competentes en tarefas de formación sinaladas no artigo 2 da Lei 3/1993 e 4 do presente texto legal.

Artigo 43. Porcentaxe máxima de financiamento con cargo ó recurso cameral permanente e fondos de reserva.

1. Os ingresos de cada Cámara procedentes do recurso cameral permanente non poderán exceder do sesenta por cen dos totais da Corporación.

A estes efectos, non se computarán, entre os ingresos da Cámara, os procedentes do endebedamento, nin, entre os que proveñan do recurso cameral permanente, as porcentaxes da mesma que se atopen preceptivamente afectados a unha finalidade concreta, como o Plan Cameral de Promoción das Exportacións e a función de colaboración coas Administracións competentes en tarefas de formación sinaladas no artigo 2 da Lei 3/1993 e 4 do presente texto legal.

2. Cando os ingresos procedentes do recurso cameral permanente, excluídos os mencionados no parágrafo segundo do apartado anterior, superen o límite do sesenta por cento sinalado, o exceso deberá destinarse á constitución dun fondo de reserva.

De dita reserva soamente se poderá dispor, en exercicios sucesivos, para complementa-los ingresos procedentes do recurso cameral permanente ata alcanza-la porcentaxe máxima permitida en relación cos ingresos doutra procedencia.

No caso de que, transcorridos cinco anos dende a finalización do exercicio no que se constituíu a reserva, esta ou os seus rendementos no puidesen ser aplicados na forma antes sinalada, destinaranse ó financiamento do Plan Cameral de Promoción de Exportacións ou algunha das funcións a que se refiren as letras c e d do apartado 2 do artigo 4 da presente Lei, ou, alternativa-

mente, devolveranse a quen tivese ingresado as cotas do recurso cameral permanente en proporción ás súas respectivas contribucións.

3. Cando a recadación efectiva da parte do recurso cameral permanente afectado ó Plan Cameral de Promoción das Exportacións resulte superior ós gastos e inversións efectuados para o financiamento de dito Plan, a Cámara constituirá unha reserva patrimonial, materializada en dispoñible a curto prazo, da que unicamente se poderá dispor en exercicios seguinte para financiar as actividades incluídas no mencionado Plan.

4. Ademais dos fondos de reserva, regulado no parágrafo anterior e para facer fronte a baixas de recadación en exercicios sucesivos ou a gastos urxentes ou imprevistos, as Cámaras deberán constituír, cos superávits dos orzamentos ordinarios, unha reserva obrigatoria materializada en dispoñible a curto prazo ata que alcance o cincuenta por cento do orzamento total de ingresos liquidado no último exercicio pechado.

Artigo 44. Subsección ó réxime de Contabilidade e Orzamento.

1. A actividade financeira das Cámaras está suxeita ó réxime de contabilidade e orzamento, polo que a súa estrutura orzamentaria e contable se someterá ós principios contidos na normativa en vigor.

2. As Cámaras están obrigadas a reflectir diariamente o movemento dos seus ingresos e gastos, así como as variacións da súa situación patrimonial, confeccionando, a lo menos trimestralmente, un estalido que reflecta a execución orzamentaria dos ingresos e gastos, e a realizar con igual periodicidade o correspondente Balance que exprese a situación patrimonial, económica e financeira da Corporación. A contabilidade cameral deberá establecerse de acordo coa normativa e principios contables en vigor e para a consecución dos seguinte fins:

- a) Facilita-la análise económica das actividades da Cámara.
- b) Coñece-lo movemento e situación da súa Tesourería.
- c) Rexistrar diariamente o movemento dos seus ingresos e gastos y por de manifesto a composición e valoración do seu patrimonio.
- d) Determina-los resultados das actividades da Cámara.
- e) Permite-lo establecemento das previsións orzamentarias e a anotación diaria da execución do orzamento.
- f) Permite-la comparación da información coas do resto das Cámaras de Galicia e cos exercicios anteriores.

3. As Cámaras elaboraran un orzamento anual ordinario, que coincidirá co ano natural, no que se consignarán a totalidade dos ingresos que se prevea liquidar e as obrigas que podan recoñecerse no período, debendo, en todo caso, manterse o equilibrio orzamentario. Os créditos do estado de gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que teñan sido autorizados no orzamento. Non poderán adquirirse compromisos de gasto por contía superior ó importe dos créditos autorizados no correspondente estado de gastos. Nembargantes o disposto neste apartado, poderán efectuarse ampliacións e transferencias de créditos entre capítulos así como calquera outra modificación do Orzamento, sempre que se xustifiquen debidamente as causas que as motivan e se observe o procedemento previsto para a súa aprobación.

4. Para a realización de obras e servizos non previstos no orzamento ordinario do exercicio, e para aqueles gastos, servizos e obras que se realicen con carácter non habitual, deberán formalizarse orzamentos extraordinarios cuxos proxectos, unha vez aprobados polo Pleno, someteranse á aprobación do órgano competente.

Artigo 45. Operacións especiais.

As Cámaras poderán enaxenar e grava-los seus bens, se ben para os actos de disposición sobre inmobles, valores e para a celebración de operacións de crédito precisan unha expresa autorización previa do órgano tutelar que poderá denegala mediante resolución motivada.

SECCIÓN 2ª. RÉXIME ORZAMENTARIO

Artigo 46. Elaboración e Aprobación dos Orzamentos.

1. As Cámaras elaborarán os seus orzamentos ordinarios e extraordinarios ordenados por capítulos, artigos, conceptos e partidas.
2. O órgano tutelar poderá dicta-las disposicións oportunas a fin de que o sistema contable e orzamentario aplicado polas Cámaras sexa único e uniforme para todas elas, e permita coñecer en todo momento o patrimonio de cada una de elas, as súas relacións con terceiros e os resultados económicos da súa actividade.
3. Os efectos económicos e orzamentarios o exercicio coincidirá co ano natural. O peche da contabilidade, a determinación de resultados e a rendición de contas referenciaranse cada ano ó 31 de decembro.
4. A elaboración do proxecto de orzamentos corresponderá ó Comité Executivo, que deberá presentalos ó Pleno da Cámara para a súa aprobación inicial.
5. Os orzamentos deberán ser presentados ó órgano tutelar para a súa aprobación definitiva, axuntando a seguinte documentación:
 - a) Memoria explicativa do orzamento.
 - b) Programa de actuación e inversións previstas.
 - c) Programa de financiamento e das súas actuacións.
 - d) Estado de execución dos orzamentos vixentes
 - e) Cadro de persoal, especificando as categorías e retribucións por tódolos conceptos de cada posto de traballo.
6. Os orzamentos entenderanse aprobados definitivamente se, transcorridos dous meses dende a súa presentación ó órgano tutelar, este non manifestara formalmente reparo algún.
7. Si o orzamento non se atopase aprobado definitivamente ó comeza-lo exercicio económico, entenderase prorrogado automaticamente o orzamento consolidado do exercicio anterior.
8. Os Plenos das Cámaras, sobre a base da proposta elaborada polo Comité Executivo, aprobarán o proxecto de orzamento ordinario para o ano seguinte, antes do 1 de novembro elevándoo seguidamente ó órgano competente.

Artigo 47. Liquidación e Fiscalización dos Orzamentos e Contas Anuais.

1. As Cámaras elaborarán e aprobarán as contas anuais e liquidacións de orzamentos da súa Corporación, que conterán os seguinte documentos:
 - a) Memoria Económica.
 - b) Liquidación anual do orzamento ordinario, así como dos orzamentos extraordinarios xa executados, e estado de execución dos orzamentos extraordinarios en curso de realización.
 - c) Balance de situación anual e conta de perdas e ganancias que reflectan a situación patrimonial e financeira da Corporación.
2. O Comité Executivo deberá formula-las contas anuais no prazo máximo de tres meses dende o peche do exercicio. Ditas contas serán sometidas a un informe de auditoría, e presentaranse, xunto á liquidación do orzamento ordinario do exercicio pechado, antes do 31 de maio, ó Pleno da Cámara para a adopción do acordo que proceda. O Pleno deberá pronunciarse antes do 30 de xuño.
3. As contas anuais, o informe de auditoría, a liquidación do orzamento ordinario e o certificado do contido do acordo do Pleno, remitiranse nun prazo máximo de dez días ó órgano tute-

lar para a súa aprobación definitiva.

4. A aprobación entenderase concedida, se non media obxección algunha, no prazo de tres meses a partir da súa recepción.

5. A Administración tutelante poderá requirir á Cámara toda aquela documentación complementaria que estime procedente e, no seu labor de fiscalización, deberá recibir toda a colaboración que requira da Cámara e ter libre acceso, se o estima necesario, á documentación interior da Auditoría certificante e a recibir desta os informes complementarios que recade.

6. Ó amparo do previsto no artigo 23.2 da Lei 3/1993, a fiscalización superior do destino dado ás cantidades percibidas polas Cámaras e polo Consello Galego de Cámaras procedentes dos rendementos do recurso cameral permanente así como da elevación das súas alícuotas corresponderá, nos termos previstos na súa normativa reguladora, ó Consello de Contas de Galicia.

Artigo 48. Responsabilidades.

As persoas que xestionen bens e dereitos das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e, no seu caso, de Navegación de Galicia, quedarán suxeitas a indemnizar os danos e perxuros que podan causarlle por accións e comisións realizadas intervindo dolo, culpa ou negligencia grave con infracción da normativa vixente, con independencia da responsabilidade penal ou doutra orde que lles poda corresponder.

CAPÍTULO VI CONSELLO GALEGO DE CÁMARAS

Artigo 49. Natureza.

Créase o Consello Galego de Cámaras como Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fines, estando integrado por representantes da totalidade das Cámaras sendo o organismo de representación, relación e coordinación das mesmas, e ó mesmo tempo, como organismo consultivo e colaborador da Xunta de Galicia.

O Consello Galego terá o seu enderezo na cidade sede do Goberno Galego, sen perxuro de que os seus Órganos Colexiados podan celebrar sesións en calquera lugar da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co que se estableza no seu Regulamento de Réxime Interior.

Artigo 50. Funciones do Consello.

Sen perxuro das competencias atribuídas ás Cámaras, son funcións do Consello:

- a) Defender de forma global e integrada os intereses do comercio, da industria e da navegación no ámbito da Comunidade Autónoma.
- b) Representar ó conxunto das Cámaras de Galicia ante as Administracións Públicas e demais entidades, públicas ou privadas, sen perxuro da competencia propia de cada Cámara.
- c) Se-lo órgano de coordinación e impulso das actuacións comúns do conxunto das Cámaras.
- d) Potencia-la prestación de servicios mancomunados entre as Cámaras.
- e) Coordina-la emisión de informes, a requirimento das Administracións Públicas, naqueles asuntos de carácter intersectorial que afecten ó comercio, a industria ou a navegación da Comunidade Autónoma e teñan un ámbito ou repercusión superior ó de cada unha das Cámaras que o integran.
- f) Coordina-la elaboración e actualización de estatísticas do comercio, a industria e a nave-

gación, de acordo coas previsións contidas na Lei 9/1988 de 19 de xullo de Estatística de Galicia e normativa que a desenvolva, e realiza-las enquisas de avaliación e os estudos necesarios que permitan coñecer-la situación dos distintos sectores de Galicia, coordinando as actuacións realizadas polas Cámaras nestas materias.

g) Establecer servicios de asesoramento e apoio ás Cámaras Galegas ou acordar convenios de colaboración con estas, previa autorización do órgano tutelar.

h) Mediar e dirimir nos conflitos ou discrepancias que se plantexen entre as Cámaras Galegas.

i) Establecer, convenios con outras entidades públicas e privadas, así como plans de actuación conxunta das Cámaras galegas e as propostas de financiamento correspondentes.

j) Informa-los proxectos de disposicións xerais emanados da Comunidade Galega, que afecten directamente ós intereses do sector do comercio, a industria ou dos servicios, nos supostos e coas condicións e alcance que o ordenamento xurídico determine.

k) Propo-la aprobación de normas en asuntos que afecten directamente a os intereses xerais do comercio, industria e navegación de Galicia.

l) Colaborar coa Administración Autonómica, nos supostos en que sexa requirido pola mesma, informando ou realizando estudos, proxectos, traballos e accións en materia de comercio, industria e navegación que afectan ó conxunto da Comunidade Autónoma ou a máis dunha demarcación cameral.

m) Asesorar á Administración Autonómica en temas referentes ó comercio, a industria e a navegación a iniciativa propia ou cando así sexa requirido pola mesma, así como proporlle cantas reformas estime necesarias para a defensa e fomento daqueles.

n) Nos supostos e coas condicións e alcance que estableza a Administración Autonómica, corresponderalle colaborar no seu caso, na tramitación de programas públicos de axudas ás empresas, na xestión de servicios públicos, no desempeño das funcións administrativas que se lle encomenden, e participar naqueles proxectos de infraestructuras e servicios comúns que afecten ó conxunto da Comunidade Galega.

ñ) Prestar outros servicios ou realizar outras actividades, a título oneroso ou lucrativo, que redunden en beneficio dos intereses representados polas Cámaras que o integran.

o) Elaborar anualmente unha Memoria Económica de Galicia e de acordo co realizado por cada unha das Cámaras, un censo público de tódalas empresas radicadas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como as súas delegacións, axencias e establecementos.

p) Coordinar calquera outra función de carácter público-administrativo, que se lle encomende pola Administración Autonómica.

q) Cantas outras atribucións lle confiran as leis expresamente.

Artigo 51. Órganos de Goberno.

1. Os órganos de goberno e administración do Consello Galego de Cámaras son o Pleno, o Comité Executivo e o Presidente.

2. El Consello Galego de Cámaras contará cun Secretario cuxa elección e funcións serán as establecidas no artigo 24 da presente Lei.

Artigo 52 O Pleno

O Pleno do Consello Galego de Cámaras, órgano supremo de goberno e representación do mesmo, estará composto por:

- Os Presidentes de tódalas Cámaras de Oficiais de Comercio, Industria, e, no seu caso, de Navegación da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tres voceiros consultores elixidos polos demais membros do Pleno de entre persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos empresariais de Galicia.
- O Secretario, que actuará con voz pero sen voto.
- Un representante do órgano tutelar, con voz pero sen voto.

A composición do Pleno actualizarase periodicamente, unha vez concluído o proceso electoral nas Cámaras galegas.

Artigo 53. Comité Executivo

O Comité Executivo do Consello Galego de Cámaras é o seu órgano de xestión, administración e proposta, e estará composto polo Presidente do Consello, o Secretario e catro membros do Pleno elixidos da forma que estableza o regulamento de réxime interior ostentando o Presidente voto de calidade en caso de empate.

Artigo 54. Presidente

1. O Presidente será elixido polos membros do Pleno do Consello Galego de Cámaras, en sesión convocada ó efecto, e recaerá naquel membro do pleno do Consello que nunha primeira votación obteña o maior número de votos, esixíndose en todo caso maioría absoluta; de non alcanzarse dita maioría por ningún dos candidatos, procederase a unha segunda votación entre o segundo e cuarto día seguintes, quedando elixido aquel candidato que obteña maior número de votos.

2. O Presidente exerce a representación do Consello Galego de Cámaras e a presidencia dos seus órganos Colexiados e é o responsable da execución dos seus acordos. O Presidente ten as funcións que lle asigna a presente Lei e o regulamento de réxime interior. Así mesmo, é o representante das Cámaras galegas naqueles órganos ou institucións nos que esta representación sexa precisa.

O regulamento de réxime interior poderá contempla-la creación dunha Vicepresidencia do Consello que substituirá ó Presidente como regulamentariamente se determine e que será un dos membros do Comité Executivo.

Artigo 55. Regulamento de Réxime Interior.

1. O Consello se rexerá por un Regulamento de Réxime Interior que se someterá a aprobación do órgano competente, a proposta do Consello. A aprobación e modificación de dito Regulamento de Réxime Interior deberá aprobarse co voto favorable, a lo menos dos dous tercios do Pleno do Consello Galego de Cámaras.

2. No Regulamento de Réxime Interior se establecerá, entre outros extremos, as normas de funcionamento dos órganos Colexiados, a organización e o réxime do persoal ó servizo do Consello.

3. As disposicións que se contemplan na presente Lei relativas ás Cámaras e a normativa vixente en materia de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, aplicaranse, con carácter subsidiario, ó Consello, ós seus órganos de goberno e o seu persoal.

Artigo 56. Réxime Económico e Orzamentario.

1. Os ingresos permanentes do Consello Galego de Cámaras estarán constituídos polas contribucións das Cámaras na contía que fixe anualmente o Consello ó aproba-los seus orzamentos. A contribución de cada Cámara non debe ser inferior ó 3% do rendemento do recurso cameral permanente que resulte da última liquidación orzamentaria, unha vez deducidos os gastos de recadación. Esta porcentaxe será a mesma para todas as Cámaras.

2. O Consello tamén poderá contar con outros recursos eventuais como contribucións voluntarias, donativos, subvencións, así como polo rendemento, no seu caso, derivado da elevación pola Comunidade Autónoma, da alícuota cameral xirada sobre as cotas do Imposto de Actividades Económicas ou tributo que o substitúa, ou calquera outros previstos pola lexislación vixente.

3. O réxime económico e orzamentario, no que sexa compatible, rexeráse polo disposto no capítulo V da presente Lei.

CAPÍTULO VII RÉXIME XURÍDICO

Artigo 57. Normativa de aplicación.

1. As Cámaras de Galicia e o Consello Galego de Cámaras rexeranse polo establecido en presente lei e nas súas normas de desenvolvemento, nos respectivos Regulamentos de Réxime Interior e na Lei 3/1993, de 22 de marzo, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación.
2. Seralles de aplicación con carácter supletorio, a lexislación referente á estrutura e funcionamento das Administracións Públicas en canto sexa conforme coa súa natureza e finalidades.
3. A contratación e o réxime patrimonial das Cámaras rexeranse polo Dereito Privado, agás disposición legal en contrario, con sometemento ós principios de publicidade, concorrência e obxectividade, agás que a natureza da operación a realizar sexa incompatible con eles.

Artigo 58. Tutela.

1. As Cámaras de Galicia así como o Consello Galego de Cámaras están suxeitas no exercicio da súa actividade á tutela da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sen perxuro da tutela reservada á Administración do Estado pola lexislación básica.
2. A función de tutela comprende as facultades e obrigas contidas na presente Lei e a súa normativa de desenvolvemento, así como o exercicio das potestades administrativas de aprobación, fiscalización das súas actuacións, resolución de recursos e suspensión e disolución dos seus órganos de Goberno.
3. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia disporá dun período de dous meses a partir da entrada no órgano competente das solicitudes formais das Cámaras para a resolución das mesmas, agás naqueles casos que a presente Lei prevexa prazos distintos. Entenderanse concedidas por silencio administrativo si non se fixera manifestación expresa algunha dentro de dito prazo.

Artigo 59. Reclamacións e recursos.

1. As resolucións das Cámaras, dictadas en exercicio das súas competencias de natureza público-administrativa, así como as que afecten o seu réxime electoral, serán recorribles ante a Xurisdicción contencioso-administrativa, previo recurso administrativo formulado ante o órgano tutelar.
2. As liquidacións e demais actos relativos á xestión e recadación do recurso cameral permanente serán susceptibles de reclamación económico-administrativa.
3. As actuacións da Cámara noutros ámbitos e, singularmente, as de carácter laboral, dilucidaranse ante os Xulgados e Tribunais competentes.
4. As actuacións das Cámaras poderán ser obxecto de queixa ou reclamación ante o órgano tutelar por parte dos electores. Á vista da reclamación plantexada, darase traslado da mesma á Cámara respectiva para que no prazo de quince días formule as alegacións que estime convenientes. Transcorrido dito prazo, o órgano competente, resolverá o que estime pertinente.

Artigo 60. Deber de información e de emisión de informes.

1. As Cámaras de Galicia deberán remitir á Administración da Comunidade Autónoma, nos prazos e na forma que determinen os Regulamentos de Réxime Interior, copia ou extracto de todos os acordos que adopten os seus órganos de goberno en relación coas súas funcións público-administrativas. O Presidente e, no seu caso, o Secretario Xeral serán os responsables do cumprimento do deber de información.

2. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia poderá solicita-la ampliación ou aclaración da información a que se refire o apartado anterior, así como calquera outra que considere de interese relacionado.

3. Nos supostos previstos pola presente Lei nos que se esixa de modo preceptivo a emisión de informe por parte das Cámaras ou do Consello Galego de Cámaras, haberán de remitilo ó órgano competente no prazo máximo de trinta días. En caso contrario entenderase que o seu dictame é favorable á pretensión formulada. Naqueles asuntos nos que o informe teña carácter vinculante tanto o Consello como, no seu caso, as Cámaras haberán de resolver expresamente.

Artigo 61. Suspensión e disolución.

1. O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia poderá suspender-la actividade dos órganos de goberno das Cámaras no caso de que produzan transgresións do ordenamento xurídico vixente que, pola súa gravidade ou reiteración, fagan aconsellable esta medida, así como nos supostos de imposibilidade de funcionamento normal daqueles.

A estes efectos, se concederá un prazo de quince días a la Cámara afectada y a Consello Galego de Cámaras, para que efectúen las alegacións que estimen convenientes, podendo reducirse dicho prazo a cinco días en aqueles casos en los que el transcurso de aquel prazo poda supor perxuros de imposible o difícil reparación.

2. O acordo de suspensión determinará o seu prazo de duración, que non poderá exceder de tres meses, así como o órgano que terá o seu cargo a xestión dos intereses das Cámaras durante este período.

3. Si, transcurrido o prazo de suspensión, subsistisen as razóns que deron lugar á mesma se procederá, dentro do prazo dun mes, á disolución dos órganos de goberno, así como á convocatoria de novas eleccións, manténdose nas súas funcións, ata a constitución dos novos órganos cameraais, o órgano designado no acordo de suspensión.

Disposicións Adicionais**PRIMEIRA.-**

No prazo dun ano dende a entrada en vigor da presente lei, as Cámaras adaptarán ó contido da mesma, os seus actuais Regulamentos de Réxime Interior.

SEGUNDA.-

Cando esta Lei atribúa competencias á Consellería competente en materia de Cámaras, ou á Xunta de Galicia sen especifica-lo órgano concreto desta encargado de exercelas, ou xenericamente á Administración Autonómica, entenderase cando proceda que as mencións se refiren á Dirección Xeral que ostente as competencias en materia de Comercio ou órgano administrativo ó que as futuras reestructuracións orgánicas atribúan con carácter xeral a tutela sobre as Cámaras.

Disposicións Transitorias.

PRIMEIRA.-

En tanto no se produzan as circunstancias que motiven un procedemento de modificación dos previstos no Capítulo II desta Lei, as Cámaras seguirán exercendo as súas funcións nas súas respectivas circunscricións actuais.

SEGUNDA.-

A esixencia de licenciatura en Dereito prevista no artigo 24 desta Lei non se aplicará ós actuais Secretarios Xerais das Cámaras, en tanto se manteñan na Secretaría respectiva e ata a nova convocatoria pública da praza.

TERCEIRA.-

1.- O Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia convocará ós Presidentes das Cámaras de Galicia para a elección do Presidente do Consello Galego de Cámaras quen, unha vez elixido, convocará a súa vez ó resto dos Presidentes das Cámaras galegas para a elección dos voceiros consultores e do Comité Executivo. En ambos casos, e en tanto non se designe un Secretario Xeral do Consello, actuará como tal o Secretario de maior idade das Cámaras galegas.

2.- Mentres non se aprobe o Regulamento de Réxime Interior do Consello Galego de Cámaras, o órgano tutelar dictará as normas necesarias para o seu bo funcionamento.

CUARTA.-

O Regulamento Xeral de Cámaras establecido por Decreto 1291/1974, de 2 de maio modificado polos Reais Decretos 753/1978 de 27 de marzo e 816/1990, de 22 de xuño e polo Decreto 116/1997, de 14 de maio, polo que se regula o réxime electoral das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación da Comunidade Autónoma de Galicia serán de aplicación subsidiaria ó establecido na presente Lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposicións Derrogatorias.

PRIMEIRA.-

Queda derrogado o Decreto 14/1980 de 19 de xuño polo que se crea o Consello Consultivo e Colaborador das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e, no seu caso, de Navegación de Galicia.

SEGUNDA.-

Quedan derrogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente Lei.

Disposición Final.

Facúltase á Xunta de Galicia a dicta-las normas de desenvolvemento desta Lei.

Dictame
3/03